



A Idade Moderna (1492-1789)

Comeza co Descubrimento de América (1492)
Remata coa Revolución Francesa (1789)



Un novo xeito de pensar: o Humanismo

- O ser humano no centro, non Deus.
- Posta en valor da razón, a ciencia e a curiosidade.
- Inspiración en Grecia e Roma.
- A imprenta facilita a difusión do coñecemento.



Críticas á Igrexa e Reforma Protestante

Causas da Reforma:

- Luxo e riquezas do clero.
- Venda de indulxencias e cargos.
- Escasa formación dalgúns sacerdotes.

Martín Lutero:

- Publica as 95 Teses (1517).
- Critica a venda de indulxencias.
- É excomulgado en 1521.



Principios do protestantismo

- A fe é o único medio de salvación.
- A Biblia pode ser lida por todas as persoas.
- Só dous sacramentos: bautismo e eucaristía.
- Negación do Papa, do culto aos santos e as santas e das imaxes.
- Os pastores poden casar.



A contrareforma católica

- Reacción da Igrexa católica → Concilio de Trento (1545-1563).
- Defensa dos 7 sacramentos e da misa en latín.
- Reafirmación da autoridade do Papa.
- Importancia da Biblia en latín (Vulgata).
- Reforma interna para mellorar a formación do clero.



Monarquía e poder

- Ao final da Idade Media as monarquías tiñan pouco poder.
- No século XV comezan as monarquías autoritarias: a persoa monarca gaña forza, pero aínda ten límites.
- No século XVII nacen as monarquías absolutas: a persoa monarca ten todo o poder (orixe divina), e non consulta a ninguén.

Exemplos:

Monarquía autoritaria: os reis Católicos (Isabel e Fernando) na península ibérica.

Monarquía absoluta: Luís XIV en Francia ("O Estado son eu").



A arte na Idade Moderna



Renacemento (séculos XV e XVI)

- Inspirado no Humanismo e na Antigüidade clásica.
- **En Italia:** Florencia (Quattrocento), Roma (Cinquecento).
- **En España e Galicia:** chega máis tarde, século XVI.



Barroco (século XVII e parte do XVIII)

- Estilo teatral, expresivo, relixioso.
- Arte da Contrarreforma e das monarquías absolutas.
En España:
 - Pintura: Velázquez, Murillo, Ribera, Zurbarán.
 - Escultura: Gregorio Fernández, Luísa Roldán.**En Galicia:**
 - Arquitectos: Domingo de Andrade, Fernando de Casas Novoa.
 - Exemplo: *Fachada do Obradoiro* (Catedral de Santiago).



Crise da monarquía hispánica (século XVII)

- Tras Carlos I e Felipe II chega o declive coas crises económicas e sociais.
- Reinan os *Austrias menores*: Felipe III, Felipe IV e Carlos II.